



COMUNICADO DE PRENSA

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2016

Os Farmacéuticos Inspectores de Saúde Pública, denuncian que non é seguro bañarse en tódalas praias galegas

A Consellería de Sanidade está mais preocupada polas “banderitas azuis”, que pola saúde ambiental do conxunto da poboación.

En 18 praias de Galicia estará prohibido o baño durante a tempada estival de 2016, debido a que, nos últimos 5 anos, a calidade do auga das mesmas foi continuamente deficiente por contaminación microbiolóxica, por decisión do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, en seguimento dos criterios establecidos pola normativa europea.

Entre estas praias, 14 marítimas e 4 fluviais, atópanse algunhas moi populares e concorridas, como a do Porto de Santa Cruz, no Concello de Oleiros, na que se levan a cabo actividades lúdicas e deportivas de forma habitual, e é frecuente ver a grupos de nenos realizando cursiños de piragüismo e outros deportes náuticos. Outro exemplo é a praia da ría de Barrañán do Concello de Arteixo, praia elixida por multitude de pais e nais, con nenos pequenos.

Para garantir que nada poida inducir a erro aos usuarios á hora de elixir unha zona de baño segura, é obrigatoria a existencia, de forma permanente, de carteis nos que se indique que o baño está prohibido. A vixilancia da existencia destes carteis nas praias contaminadas, e competencia dos Farmacéuticos Inspectores de Saúde Pública dependentes da Consellería de Sanidade, que, desde fai xa varios anos, veñen realizando o control das condicións higiénico-sanitarias das praias galegas, que inclúe recollida de mostras, en concordancia co esixido na normativa europea.

De todos os xeitos, o colectivo dos FISP, consideran estas directrices, marcadas pola Dirección Xeral de Saúde Pública, claramente insuficientes, xa que so teñen que comprobar unha vez en toda a tempada a existencia dos carteis de prohibición, o que non garante que os usuarios estean informados de forma continua dos riscos de contaminación desas praias.

A decisión de volver permitir o baño nestas zonas, en próximas tempadas, depende de que se acrediten a realización de actuacións que melloren a calidade do auga, entre as que están mellorar os sistemas de depuración ou a eliminación de vertidos.

Os sindicatos CIG, CCOO, CSIF e UGT xunto do colectivo de Farmacéuticos Inspectores denuncian a “obsesión” da Consellería de Sanidade polas “banderitas azuis”, mentres mantén outras moitas actividades sen suficiente control ao longo de todo o ano: fontes, piscinas, colexios, guarderías, balnearios, termas públicas, velatorios, tanatorios, centros de tatuase, spas, torres de refrigeración, etc.

CIG

CCOO

CSIF

UGT



Praias nas que está prohibido o baño

Marítimas

Arteixo – Ría de Barrañán
Bergondo – Regueiro
Boiro – Peralto
Camariñas – Camelle
Camariñas – Area da Vila
Cee – A Concha
Fene – Barallobre
Ferrol – A Cabana
Ferrol – Caranza
Fisterra – Sardiñeiro
Oleiros – Santa Cruz Porto
Pontedeume – Centroña
Pontedeume – Ver
Penaoural - Burela

Fluviais

A Pobra do Brollón – Río Saa
Ribas de Sil – San Clodio
Río Orille (Area Recreativa) – A Bola
Arzoá – Vilardevós